



ASOCIACIÓN DE AMIGOS DA DORNA DE PORTONOVO

Rúa Rafael Picó Nº 58

36970 Portonovo (Pontevedra)

Teléfonos: 647132552/650116126

correo@amigosdadorna.org

www.amigosdadorna.org

ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN PARA A CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO MARIÑEIRO DA RÍA DE PONTEVEDRA “ASOCIACIÓN DE AMIGOS DA DORNA DE PORTONOVO”

CAPÍTULO I: DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1º

Procédese a modificar os estatutos da asociación denominada “ASOCIACIÓN DE AMIGOS DA DORNA DE PORTONOVO”, con número de inscrición no Rexistro Provincial de asociacións sen ánimo de lucro 1998-4473-1, e C.I.F. G-36307247.

A asociación rexeráse polos devanditos estatutos, pola Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e pola demais lexislación existente en materia de asociacións que lle sexa aplicable.

O Regulamento do Réxime Interno desenvolverá os presentes Estatutos.

Artigo 2º

O ámbito territorial de acción para o exercicio e cumprimento dos seus fins é a vila de Portonovo, independentemente de que a actividade poda realizarse fora dese ámbito, e da posibilidade de integración en institucións de natureza semellante ou fins comúns.

Artigo 3º

O domicilio social da Asociación radica na localidade de Portonovo (Sanxenxo), rúa Rafael Picó, 58, 36970 (Pontevedra).

Artigo 4º

A Asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá, conforme a estes Estatutos, pola vontade dos asociados expresada en Asemblea Xeral Extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

A Asociación rexeráse segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e do resto do ordenamento xurídico.

Artigo 5º

FINS DA ASOCIACIÓN:

A Asociación de Amigos da Dorna de Portonovo é unha entidade cultural e deportiva, preocupada por promover e organizar actividades de interese colectivo nos campos do deporte, cultura, social, xuvenil ou calquera outro de interese xeral.

Tentar ser unha tribuna pública, plural e independente que sirva para a promoción, creación e difusión da cultura, prestando atención especial á recuperación do patrimonio e costumes mariñeiros.

Promover entre a sociedade en xeral e na xuventude en particular o coñecemento da cultura marítima tradicional e o disfrute da mesma.

Colaborar coas entidades afíns que promovan actividades culturais, deportivas, etcétera, sempre coa independencia e respecto mutuo entre os diversos organismos.

Desenvolver actividades de todo tipo encamiñadas a cubrir as necesidades dos asociados, así como dirixidas a achegar recursos para cumprir cos seus fins fundacionais.

Artigo 6º

PARA O CUMPRIMENTO DESTES FINS REALIZARANSE AS SEGUINTES ACTIVIDADES:

Organización de actividades socioculturais, deportivas, lúdicas, etcétera.

Organización de cursos, seminarios, conferencias e actos análogos.

Elaboración e edición de materiais formativos, revistas, folletos e calquera outro tipo de publicación para a difusión dos ideais da Asociación.

Deseño e execución de cantas accións ou actividades sexan precisas para conseguir a participación dos asociados.

Fomento das relacións de colaboración con institucións públicas, empresas privadas e organizacións non lucrativas que permitan un mellor cumprimento dos fins fundacionais.

Calquera outra actividade que a Xunta Directiva considere axeitada para o cumprimento dos fins da Asociación.

O desenvolvemento das actividades da Asociación estará ao cargo das diversas comisións ou áreas de actividades organizadas polos socios, segundo o disposto no Regulamento de Réxime Interno.

Artigo 7º

Os beneficios que se obteñan por calquera concepto destinaranse exclusivamente ao cumprimento destes fins, sen que se poidan repartir entre os asociados nin outra persoa física ou xurídica con interese lucrativo.

CAPÍTULO II: DOS ASOCIADOS

Artigo 8º

Poderán ser socios da Asociación tódalas persoas físicas, con plena capacidade de obrar que, cumprindo os trámites que especifique o Regulamento de Réxime Interno, así o soliciten.

Os acordos de admisión de asociados tomaraos a Xunta Directiva, unha vez recibida a petición por escrito da persoa que desexa ser admitida.

A inscrición como socio supón a aceptación dos presentes Estatutos.

Artigo 9º

NO SEO DA ASOCIACIÓN PODEN CONVIVIR AS SEGUINTES CLASES DE ASOCIADOS:

Son socios de número todas aquelas persoas, con capacidade de obrar, que sexan admitidas como tales.

Terá condición de socio protector, sen que supoña ningún dereito ulterior, aquel socio de número que de xeito voluntario pague unha cota que supere a cota ordinaria de asociado en non menos dun 50% do seu abonamento.

Serán socios de honra aquelas persoas ou entidades xurídicas que a xuízo da Xunta Directiva e ratificado en Asemblea Xeral axuden de xeito notable ao desenvolvemento dos fins da Asociación.

Serán socios xuvenís as persoas menores de 18 anos. Terán os mesmos dereitos a participar nas actividades que programe a Asociación que os asociados de número, mediante unha cota fixada na Asemblea Xeral, e pasarán a ser asociados de número ao cumprir a maioría de idade.

Artigo 10º

O número de asociados e o tempo de permanencia, como tal, son ilimitados.

Artigo 11º

SERÁN DEREITOS DOS SOCIOS:

Tomar parte en calquera actividade que a Asociación organice.

O disfrute dos bens da Asociación, na forma estipulada polos Órganos de Goberno.

Participación activa nas diversas comisións ou seccións da Asociación.

Asistencia á Asemblea Xeral con voz e voto.

Opción de ocupar cargos directivos.

Audiencia ante a Xunta Directiva.

Solicitud de constitución da Xunta de Conflitos, segundo o procedemento que estableza o Regulamento de Réxime Interno. E á apelación en última instancia ante a Asemblea Xeral.

Ser informado da composición dos órganos de goberno e representación da Asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.

Os asociados de honra e xuvenís non intervirán na dirección da Asociación, nin nos órganos de representación dela, mais están facultados par asistir ás asembleas xerais con voz, pero sen voto.

Artigo 12º

SON OBRIGAS DOS ASOCIADOS:

Cumprir os presentes Estatutos, o Regulamento de Réxime Interno e os acordos validades nas Asembleas e pola Xunta Directiva.

Satisfacer as cotas ordinarias que se establezan por Asemblea.

Desempeñar os cargos para os que foron elexidos.

Aquelas outras que sexan recollidas na lexislación vixente.

Artigo 13º

A CONDICIÓN DE ASOCIADO PÉRDESE POR CAUSA DE:

Por vontade propia, comunicada por escrito á Xunta Directiva e previo abonamento de tódalas cotas que teña pendentes.

Por non pagamento de dúas cotas.

Falta de asistencia consecutiva á Asemblea Xeral Ordinaria por número de dúas ocasións.

Por incumprimento das súas obrigas ou a realización de accións que perxudiquen gravemente os intereses da Asociación, previo expediente disciplinario, con audiencia co interesado.

Artigo 14º

A expulsión de persoas asociadas será acordada pola Xunta Directiva, previa audiencia co interesado. En todo caso, o acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral e contra del pódese recorrer diante da xurisdición ordinaria.

Artigo 15º

A SEPARACIÓN TEMPORAL DUN ASOCIADO PÓDESE PRODUCIR:

A petición persoal do asociado por escrito.

Polo acordo da Xunta Directiva, ben por motivos de ter aberto un expediente sancionador, ben polo non pagamento de cotas, ben por comportamentos que afecten á boa marcha dalgún dos fins da Asociación.

Artigo 16º

A Asociación terá na súa secretaría un exemplar dos presentes Estatutos a disposición do tódolos asociados.

CAPÍTULO III: DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

RÉXIME XERAL

Artigo 17º

O GOBERNO E A REPRESENTACIÓN DA ASOCIACIÓN ESTÁN A CARGO DOS SEGUINTEs ÓRGANOS:

A Asemblea Xeral, como máximo órgano colexiado de goberno da Asociación.

A Xunta Directiva, como órgano colexiado en quen a Asemblea delega o goberno permanente da Asociación.

O Presidente, o Vicepresidente, o Secretario e o Tesoureiro, como órganos unipersoais e con funcións de goberno e de representación determinadas polos Estatutos.

Ningún asociado ou directivo pode utilizar a Asociación para fins políticos de carácter partidista.

ASEMBLEA XERAL

Artigo 18º

A Asemblea Xeral é o órgano de expresión da vontade da Asociación. Estará integrada por tódolos asociados e tomará os seus acordos polo principio maioritario ou de democracia interna. O Presidente e o Secretario serán os mesmos que os da Xunta Directiva.

Artigo 19º

A Asemblea Xeral reunirase con carácter ordinario como mínimo unha vez ao ano, e con carácter extraordinario cantas veces o acorde a Xunta Directiva, o considere o Presidente ou o soliciten o 10% dos asociados. Neste último caso realizarase por medio de escrito dirixido ao Presidente, autorizado coas firmas dos solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.

Artigo 20º

Tanto a Asemblea Xeral como as Extraordinarias serán convocadas con 15 días de antelación polo Presidente da Xunta Directiva. A notificación farase no local social para as asembleas ordinarias, e no domicilio dos asociados para as asembleas extraordinarias.

Artigo 21º

Para que as Asembleas poidan tomar acordos, integraranse polos asociados asistentes, sempre que concorran un terzo do total dos asociados con dereito a voto na primeira convocatoria ou, pasado o prazo estipulado, con calquera número de asociados con dereito a voto en segunda convocatoria. En todo caso, coa presenza do Presidente ou Vicepresidente e o Secretario ou persoa que o substitúa.

Artigo 22º

Os socios poderán outorgar a súa representación, aos efectos de asistir ás Asembleas, en calquera socio. Tal representación outorgarase por escrito e deberá obrar en poder do Secretario da Asemblea polo menos media hora antes de celebrarse a sesión.

Artigo 23º

SON COMPETENCIA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA:

A aprobación dos Estatutos e do Regulamento de Réxime Interno.

A disposición e cesión dos bens da Asociación.

Autorizar á Xunta Directiva para concertar obrigacións crediticias e préstamos.

A expulsión dos socios.

A aprobación da xestión da Xunta Directiva, Memoria Anual e Estado das Contas.

A aprobación das cotas ordinarias e extraordinarias.

A votación dunha moción de censura á Xunta Directiva, cando sexa asinada por un número de asociados superior ao 25% do total dos socios. No suposto de que prosperase a moción, a Xunta Directiva queda obrigada a dimitir, convocando Asemblea Xeral Extraordinaria no prazo de 15 días, continuando coa súa xestión nos asuntos de simple trámite ata que a nova Xunta Directiva tome posesión.

A destitución dalgún membro da Xunta Directiva, previo informe da mesma e da Xunta de Conflitos, non dando isto causa de baixa como asociado.

As catro primeiras competencias da Asemblea Xeral Ordinaria terán que ser aprobadas por dos terzos dos asistentes como mínimo, ou en calquera caso pola maioría absoluta dos socios. Para os apartados restantes será suficiente a maioría simple.

Artigo 24º

As sesións da Asemblea Xeral Ordinaria serán presididas por unha mesa composta por tres socios, democraticamente elixidos na Asemblea.

Artigo 25º

SON COMPETENCIAS DA ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA:

Elixir e cesar aos integrantes da Xunta Directiva.

Aprobar a federación con outra asociación.

Modificar os Estatutos da Asociación.

Disolver a Asociación e designar os liquidadores.

Ratificar a expulsión de asociados e asociadas a proposta da Xunta Directiva.

Autorizar o alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais.

Acordar a disolución da Asociación.

Designar aos liquidadores.

Todos os apartados deste artigo requirirán maioría de dous terzos.

Artigo 26º

Levantarase acta das sesións da Asemblea Xeral, que recolla as incidencias e os acordos da mesma. A acta deberá ser lida na seguinte sesión celebrada pola Asemblea Xeral e aprobada por maioría simple.

Artigo 27º

Os acordos que vaian en contra destes Estatutos ou dos fins da Asociación poderán ser recorridos en reposición diante da Asemblea Xeral. A partir da resolución do recurso de reposición quedará aberta a vía para recorrer diante da xurisdición ordinaria.

XUNTA DIRECTIVA

Artigo 28º

A Xunta Directiva estará formada por ata dez membros: o Presidente da Asociación, un Vicepresidente, un Secretario, un Tesoureiro e ata seis vogais. Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán desempeñados de forma gratuíta, sen prexuízo do dereito de ser reembolsados os gastos debidamente xustificadas en que poidan incurrir por actuacións relacionadas coa Asociación. As persoas elixidas para estes cargos deberán carecer de interese económico nos resultados da actividade levada a cabo pola Asociación.

Artigo 29º

A Asemblea Xeral Extraordinaria será a competente de elixir democraticamente, en réxime de listas abertas, aos membros da Xunta Directiva, correspondendo os cargos de Presidente e Vicepresidente por este orden ás dúas persoas que obtiveran o maior número de votos. O cargo de Secretario e o de Tesoureiro serán designados pola Xunta Directiva entre os elixidos, actuando o resto dos membros como vogais.

Artigo 30º

O mandato da Xunta Directiva será de dous anos, dende a data da súa elección na Asemblea Xeral, podendo ser obxecto de reelección indefinida. En todo caso, a renovación de cargos efectuarase de cada vez pola metade.

Artigo 31º

Os cargos da Xunta Directiva poderán causar baixa por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva, por incumprimento das obrigas que tiveran encomendadas e por expiración do mandato. Neste último caso, continuarán nos seus cargos ata o momento no que se produza a aceptación de quen o substitúa.

Artigo 32º

A Xunta Directiva reunirse con carácter ordinario unha vez ao mes, tendo que proporcionar aos asociados puntual información do tratado. Nas reunións da Xunta Directiva terá que levantar acta o Secretario, co aval do Presidente. O Libro de Actas estará a disposición de calquera asociado que desexe consultalo.

Artigo 33º

SON FACULTADES DA XUNTA DIRECTIVA:

Dirixir as actividades sociais e levar a xestión económica e administrativa da Asociación, acordando realizar os oportunos contratos e actos.

Convocar as Asembleas Xerais e executar os acordos nela acadados.

Formular e someter a aprobación da Asemblea Xeral o Plan de Actuación proposto pola Xunta Directiva, así como a Memoria de Xestión correspondente.

Formular e someter a aprobación da Asemblea Xeral o Orzamento do exercicio, así como os Balances e as Contas Anuais do exercicio pechado.

Resolver sobre a admisión de novos asociados.

Crear Comisións de traballo co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades ou recadar das mesmas as informacións necesarias.

Nomear delegados para determinadas actividades de Asociación.

Interpretar os Estatutos e o Regulamento de Réxime Interno e velar polo seu cumprimento.

Ditar normas de funcionamento non contempladas no Regulamento de Réxime Interno.

ÓRGANOS UNIPERSONAIS

Artigo 34º

O PRESIDENTE TERÁ AS SEGUINTE ATRIBUCIÓN:

Ostentar a dirección da Asociación velando polo cumprimento dos seus fins.

Representar legalmente á Asociación ante toda clase de organismos públicos ou privados.

Convocar, presidir e levar as sesións da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva, así como dirixir as deliberacións que nela se produzan.

Ordenar pagos e autorizar coa súa firma os documentos, actas, certificacións e correspondencia.

Adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Asociación aconselle no desenrolo das súas actividades, que resulte necesaria ou conveniente, sen prexuízo de dar conta á Xunta Directiva.

Artigo 35º

O Vicepresidente asumirá as funcións que nel delegue o Presidente, substituíndoo en caso de vacante, ausencia ou enfermidade.

Artigo 36º

O SECRETARIO TERÁ AS SEGUINTE ATRIBUCIÓN:

Ostentar a dirección dos traballos administrativos da Asociación.

Custodiar e levar os libros de actas e de rexistro de asociados, documentos e selos da Asociación.

Estender as convocatorias e as actas das reunións, ademais de expedir certificacións das mesmas co visto bo do Presidente.

Comunicación sobre a designación de Xuntas Directivas e demais acordos sociais inseribles aos Rexistros correspondentes, así como a presentación das contas anuais e o cumprimento das obrigacións documentais nos termos que legalmente correspondan.

Artigo 37º

O TESOUREIRO TERÁ AS SEGUINTE ATRIBUCIÓN:

Ostentar a dirección dos traballos de xestión económica da Asociación.

Custodiar e levar os libros de contabilidade e os inventarios, así como tódolos documentos económicos necesarios para a elaboración das contas e balances.

Preparar os Orzamentos, as Contas anuais e os Balances para a súa presentación diante da Xunta Directiva e da Asemblea Xeral.

Recadar e custodiar os fondos pertencentes á Asociación.

Dar cumprimento ás ordes de pago que expida o Presidente.

Artigo 38º

OS VOGAIS TERÁN AS SEGUINTE ATRIBUCIÓN:

Realizar programas e propostas na súa área de actuación.

Desempeñar os traballos que lle sexan encomendados pola Xunta Directiva.

CAPÍTULO IV: RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 39º

A Asociación é unha entidade sen ánimo de lucro. Os posibles beneficios obtidos como consecuencia das súas actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, deberán destinarse exclusivamente ao cumprimento dos seus fins.

Artigo 40º

A Asociación no momento da súa constitución carece de patrimonio inicial.

Artigo 41º

OS RECURSOS ECONÓMICOS PREVISTOS PARA O DESENVOLVEMENTO DOS FINS E ACTIVIDADES DA ASOCIACIÓN SERÁN OS SEGUINTES:

As cotas ordinarias dos asociados, que en ningún caso serán reintegrables.

As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asemblea.

As doazóns e subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.

Os ingresos que poida recibir polo desenvolvemento das actividades da Asociación.

O patrimonio da Asociación, constituído por toda clase de bens, propiedades, títulos e dereitos que no seu día poida ter ou adquirir.

Artigo 42º

O Exercicio Asociativo e Económico será anual, así como o Orzamento da Asociación, que será aprobado pola Asemblea Xeral Ordinaria ao inicio do exercicio. Asemade, a liquidación do Orzamento terá que ser presentada na Asemblea Xeral Ordinaria inmediatamente posterior ao remate do exercicio.

Artigo 43º

Para a disposición de fondos, as entidades bancarias onde a Asociación teña depositados os mesmos, deberá ter recoñecidas as firmas do Presidente e do Tesoureiro, para o emprego conxunto delas.

Artigo 44º

As disposicións dos bens patrimoniais que se aproben regulamentariamente han de ser aprobadas polo Asemblea Xeral.

CAPÍTULO V: DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Artigo 45º

O Regulamento do Réxime Interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente non presentes Estatutos, non podendo ir en ningún caso en contra do estipulado neles. En todo caso, o funcionamento interno da Asociación estará sometido ao ordenamento xurisdiccional civil.

CAPÍTULO VI: MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 46º

Os presentes Estatutos poderán ser modificados a proposta da Xunta Directiva ou un cuarto dos asociados.

A convocatoria da Asemblea Xeral Extraordinaria terá a modificación dos Estatutos como único punto da orde do día e estará acompañada do texto coas modificacións propostas, abríndose un prazo de dez días para que calquera socio poida dirixir á Xunta Directiva as propostas e emendas que estime, cunha antelación mínima de tres días á realización da mesma.

A aprobación da modificación dos Estatutos acordarase pola maioría cualificada das persoas presentes ou representadas.

Artigo 47º

A ASOCIACIÓN DISOLVERASE POLAS SEGUENTES CAUSAS:

Pola vontade dos asociados, acordada pola maioría cualificada das persoas presentes ou representadas.

Producirse en calquera caso en que concorran situacións extremadamente graves e así o decida a Asemblea Xeral Extraordinaria por unanimidade.

Por outras causas determinadas legalmente.

Por sentenza xudicial.

Artigo 48º

Acordada a disolución, a Asemblea Xeral Extraordinaria designará dous asociados liquidadores, que xunto co Presidente e co Tesoureiro, procederán a efectuar a liquidación dos bens pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

O haber líquido resultante, unha vez efectuada a liquidación, doarase a outra entidade de carácter non lucrativo, inscrita na Comunidade Autónoma e que teña os mesmos ou similares fins aos desta Asociación.

O xustificante de doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da Asociación.

Dona Macarena Sánchez Alonso, na súa calidade de secretaria da Asociación de Amigos da Dorna de Portonovo, fai constar que os ditos estatutos foron modificados en Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada o día 28 de decembro de 2014 para cumprir cos requisitos establecidos na disposición transitoria primeira da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

En Portonovo, a 30 de maio de 2015.